

## MONCHO REBOIRAS

Martes, 10 de Agosto de 2010 00:00 X. Manuel Pazo



Na madrugada do día 12 de agosto do 75 as rúas de Ferrol ecoaban os estouridos dos disparos que remataban coa vida do militante da UPG, Moncho Reboiras. Tiña 25 anos. A Dictadura, na súa agonía, deixaba un rastro de sangue e represión. Franco morría tres meses despois e abríase unha etapa preñada de esperanzas.

Porén, un pacto de silencio impediu tirar á luz os crimes perpetrados após do golpe de Estado contra a República. Houbo que agardar 33 anos para que se aprobara a Lei da Memoria Histórica. Dous anos despois, o 12 de agosto de 2009, o Ministerio de Xustiza ditaba unha resolución na que se admite como ilexítima a persecución e violencia que sufriu o militante nacionalista. Foi o resultado da reivindicación do nacionalismo e do traballo parlamentar de Francisco Rodríguez. No cemiterio de Imo o sábado pasado Moncho acadou o recoñecemento de todos nunha homenaxe popular.

E o seu sangue discorreu polos carreiros sementando á Terra. E os lostregazos das pistolas non afogaron as arelas de liberdade e de sermos quen de decidir o noso futuro. E o sol e a lúa sumáronse ás voces que en prazas e tabernas repetían as palabras do poeta civil “ ai dos que levan na fronte unha estrela, ai dos que levan no bico un cantar”... E a mocidade botouse a andar aquel 12 de agosto.